

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

EXPLO
RAR 

▶ EXPOSICIÓNS

MÚSICA

LITERATURA E
PENSAMENTO

EN FAMILIA




▶ TYPEWRITER

A historia escrita á máquina
Colección Sirvent

▶ 24 Xuñ

10 Out

▶ PRESENTACIÓN · *Cidade da Cultura de Galicia*




A Cidade da Cultura de Galicia échese de vida. Exposicións, concertos, espectáculos de artes escénicas, encontros de artistas, ciclos literarios, seminarios, foros de debate, todo un programa cultural dirixido a estimular a creatividade e o coñecemento.

O complexo deseñado por Peter Eisenman no monte Gaiás de Santiago ponse en marcha como un novo espazo para VISITAR, un territorio onde EXPLORAR todas as súas posibilidades cul-

turais e artísticas, unha factoría onde CREAR novos proxectos, un lugar para APRENDER e INTERCAMBIAR experiencias, e unha infraestrutura disposta a SUMAR os seus recursos aos proxectos máis innovadores, un programa cultural que pon toda a beleza deste complexo arquitectónico ao servizo da cultura.

Invitámosvos a que vos acheguedes a participar neste proxecto de todos que é a Cidade da Cultura de Galicia.

PRESENTACIÓN · Cidade da Cultura de Galicia



La Cidade da Cultura de Galicia se llena de vida. Exposiciones, conciertos, espectáculos de artes escénicas, encuentros de artistas, ciclos literarios, seminarios, foros de debate, todo un programa cultural dirigido a estimular la creatividad y el conocimiento.

El complejo diseñado por Peter Eisenman en el monte Gaiás de Santiago de Compostela se pone en marcha como un nuevo espacio para VISITAR, un territorio donde EXPLORAR todas sus posibilidades culturales y artísti-

cas, una factoría donde CREAR nuevos proyectos, un lugar para APRENDER e INTERCAMBIAR experiencias, y una infraestructura dispuesta a SUMAR sus recursos a los proyectos más innovadores, un programa cultural que pone toda la belleza de este complejo arquitectónico al servicio de la cultura.

Os invitamos a que os acerquéis a participar en este proyecto de todos que es la Cidade da Cultura de Galicia.



INTRODUCCIÓN

COMISARIOS:

David Barro / Alfredo Sirvent

TYPEWRITER.

A historia escrita á máquina

Colección Sirvent reflexiona sobre cal foi o papel da máquina de escribir na configuración da nosa historia contemporánea e de como a súa evolución foi consecuencia da necesidade do home de comunicarse.

A Colección Sirvent, que é de onde provén este significativo legado, dispón dunhas 3.500 máquinas de escribir, das que 2.500 están preparadas para o seu normal funcionamento a partir dunha restauración rigorosa. De entre elas, as máis de 140 máquinas seleccionadas segundo a súa relevancia ou singularidade histórica permítennos acceder a un universo de mecanismos e de teclados, a partir de orixinais acabados que proxectan os gustos de cada época e as capacidades industriais que lles deron sentido.

Todo iso complementábase con obras de artistas contemporáneos como Ignacio Uriarte, Misha Bies Golas ou José Lourenço, intervencións site-specific como a do artista

Jorge Perianes, unha significativa escolla de carteis publicitarios, caixas orixinais de fitas de escritura e outros instrumentos como os protectores de cheques, afialapis e curiosos métodos de mecanografía.

A exposición parte da emblemática Sholes & Glidden (1873), coñecida como The Type Writer, primeira máquina de escribir que se fabricou de forma industrial e que traballaba unicamente con maiúsculas.

Outras, como a Crandall-New Modell (1884), descóbrennos decoracións en ouro e nácara. Curiosas son algunhas como a alemá Thürey (1909), que se asemella a un instrumento musical, ou a Brooks (1887), que imprime de atrás cara a adiante... Así mesmo, no percorrido expositivo pódense atopar máquinas de escribir normais, de escribir música, estenotipias, de escritura para cegos, de escritura encriptada para espías, de abecedario xaponés, árabe, ruso ou máquinas con símbolos das S.S., etc.



INTRODUCCIÓN

COMISARIOS:

David Barro / Alfredo Sirvent

TYPEWRITER.

La historia escrita a máquina

Colección Sirvent reflexiona sobre cuál ha sido el papel de la máquina de escribir en la configuración de nuestra historia contemporánea y de cómo su evolución ha sido consecuencia de la necesidad del hombre de comunicarse.

La Colección Sirvent, que es de donde proviene este significativo legado, dispone de unas 3.500 máquinas de escribir, de las cuales 2.500 están preparadas para su normal funcionamiento a partir de una restauración rigurosa. De entre ellas, las más de 140 máquinas seleccionadas según su relevancia o singularidad histórica nos permiten acceder a un universo de mecanismos y de teclados, a partir de originales acabados que proyectan los gustos de cada época y las capacidades industriales que le dieron sentido.

Todo ello se complementa con obras de artistas contemporáneos como Ignacio Uriarte, Misha Bies Golas o José Lourenço, intervenciones site-specific como la del artista Jorge

Perianes, una significativa selección de carteles publicitarios, cajas originales de cintas de escritura y otros instrumentos como los protectores de cheques, afilalápices y curiosos métodos de mecanografía.

La exposición parte de la emblemática Sholes & Glidden (1873), conocida como The Type Writer, primera máquina de escribir que se fabricó de forma industrial y que trabajaba únicamente con mayúsculas. Otras, como la Crandall-New Modell (1884), nos descubren decoraciones en oro y nácar.


Curiosas son algunas como la alemana Thürey (1909), que se asemeja a un instrumento musical, o la Brooks (1887), que imprime de atrás hacia delante... Asimismo, en el recorrido expositivo se pueden encontrar máquinas de escribir normales, de escribir música, estenotipias, de escritura para ciegos, de escritura encriptada para espías, de abecedario japonés, árabe, ruso o máquinas con símbolos de las S.S., etc.



www.cidadedacultura.org/programacultural



Padroado
Fundación
Gaiás



INDITEX

INVERAVANTE




Fundación Barrié

Banco Gallego




Estrella Galicia



HISPANO
OLIVETTI

Un regalo
que
conserva
su
valor



◀ **CARTEL
HISPANO-OLIVETTI**

A importancia da máquina de escribir como regalo no fogar demóstrase neste cartel da ICO, a primeira portátil de Olivetti

◀ **CARTEL
HISPANO-OLIVETTI**

La importancia de la máquina de escribir como regalo en el hogar se demuestra en este cartel de la ICO, la primera portátil de Olivetti.

▶ **CARTEL OLIVETTI
LINEA 88**

Coa Hispano-Olivetti liña 88 comeza a fabricación das máquinas de plástico nas máquinas de oficina.

Neste cartel mantéñense as cores do suprematismo.

▶ **CARTEL OLIVETTI
LINEA 88**

Con la Hispano-Olivetti línea 88 comienza la fabricación de las máquinas de plástico en las máquinas de oficina.

En este cartel se mantienen los colores del suprematismo.



OLIVETTI LINEA 88



▲ CONQUEROR

*Modelo Standard
1919 / Reino Unido*

Crese que esta máquina é a única fabricada en 1919 en Inglaterra, xa que a empresa quebra coincidindo coa súa presentación.

De feito, é a única coñecida no mundo e suponse que a súa fabricación custou máis de 1.000.000 de libras.

▲ CONQUEROR

*Modelo Standard
1919 / Reino Unido*

Se cree que esta máquina es la única fabricada en 1919 en Inglaterra ya que la empresa quiebra coincidiendo con su presentación.

De hecho es la única conocida en el mundo y se supone que su fabricación costó más de 1.000.000 de libras.



REVILO

*Modelo Niquel N° 554.030
1914/EE.UU.*

*Esta máquina é igual cá
Oliver modelo 9 e está fabrica-
da pola mesma empresa.*

*A diferenza estriba en que o
seu chasis é niquelado.*

REVILO

*Modelo Niquel N° 554.030
1914/EE.UU.*

*Esta máquina es igual que
la Oliver modelo 9 y está
fabricada por la misma
empresa.*

*La diferencia estriba en que
su chasis es niquelado.*

VICTORIA

*Modelo N°3
1915/España*

*Esta é a primeira máquina
española, fabricada por Ferrer
y Toledo en Valencia no 1915.*

*Conta cun chasis de bronce e
está totalmente niquelada.
A barra espazadora presenta
escudos e o nome de Victo-
ria en baixo relevo. É o único
exemplar coñecido.*

VICTORIA

*Modelo N°3
1915/España*

*Esta es la primera máquina
española, fabricada por Ferrer
y Toledo en Valencia en 1915.*

*Cuenta con un chasis de bron-
ce y está totalmente nique-
lada. La barra espaciadora
presenta escudos y el nombre
de Victoria en bajo relieve. Es
el único ejemplar conocido.*

